

# MERCEDES PEÓN

## Déixaas

### WORLD MUSIC

#### Artista/banda

Compositora, vocalista e instrumentista galega. Considerada como unha das mulleres máis carismáticas do círculo da *world music* actual.

Mercedes achega unha variedade compositiva que arrincan desde a polirritmia baixo a mirada dos ritmos máis ancestrais, culminan en temas eclécticos e descaradamente vibrantes. O seu amplo repertorio e a enerxía que se apodera de cada unha das súas actuacións, fan desta muller, unha aposta segura pola continuidade da escena musicocontemporánea en Europa.

É unha das artistas máis destacadas dos primeiros anos do século XXI.

#### O espectáculo

Sen abandonar as raíces da tradición, incorpora unha faceta contemporánea inspirada en espazos acústicos de nova natureza obtidos dun traballo de campo baseado en sons reais e gravacións de máquinas pesadas recollidas nos estaleiros e espazos industriais da contorna de Ferrol; ou outras composicións que incorporan todo o poder estético e evocador da palabra poética dramatizada ou palabra falada (en *Linguas elementais*) ou o contraste do piano atmosférico (en *Olores perdidos*). Unha obra que conta con Mónica de Nut e Ana Fernández. *Déixaas* sitúa a Mercedes Peón nunha exquisita madurez creativa e compositiva. O seu formato ao vivo ofrece unha experiencia artística con tres posibilidades: Formato Trío, formato con colaboradorxs e formato con colaboradorxs + artistas convidados.

#### Dispoñible en tres formatos:

- ✓ Formato Trío
- ✓ Formato con voces líricas.
- ✓ Formato con voces líricas e colaboradorxs



#### FICHA ARTÍSTICA

Mercedes Peón: dirección artística, composición, samplers, percusión formal, gaita, voces.

Mónica de Nut: sintetizador, voces, piano.

Ana García: percusión tradicional, voces.

Duración: 75 minutos

Público: todos os públicos

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)